

Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (Máximo 3 puntos) Por cada ano de funcionario de carreira no corpo docente.	0,50	
2. Méritos académicos (Máximo 2 puntos) 2.1. Polo título de doutor	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo 2.3. Titulacións primeiro ciclo	0,5 0,25	
3. Formación e perfeccionamento (Máximo 6 puntos) 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas... (0,10 puntos por c/10 horas).	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación. 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto que se solicita.	Ata 1 punto Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas (Máximo 3 puntos) 4.1. Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral.	Ata 1 punto	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico relacionadas co posto que solicita.	Ata 2 puntos	
5. Servizos relacionados co posto (Máximo 2 puntos) Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionadas coas funcións do posto que solicita.	0,20	

*Orde do 4 de abril de 2005 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, para cubrir prazas de asesores nesta consellería.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, dispón no seu artigo 5º que se cubrirán en réxime de comisión de servizo, por concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de nivel non universitario, aquelas prazas que segundo as previsións contidas no artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, fomenten e favorezan a integración en equipo de profesores para a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, didácticas, de avaliación, apoio técnico e investigación e organización doutros docentes.

Sendo necesaria a provisión das devanditas prazas de asesores para prestar os seus servizos nos diferentes departamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tendo en conta que a disposición derradeira primeira do decreto mencionado autoriza o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a ditar as disposicións que sexan precisas para a aplicación do disposto no referido Decreto 244/1999.

Na súa virtude, esta consellería,

**DISPÓN:**

Primeiro.-Convocar concurso público de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos

docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios.

Segundo.-As prazas que se ofertan neste concurso de méritos figuran no anexo I desta orde.

Terceiro.-Poderán participar nesta convocatoria os funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios con destino actual no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que contén, polo menos, con tres anos de servizos como docentes en centros públicos, estean en posesión do curso de perfeccionamento de lingua galega ou da súa validación e xustifiquen documentalmentemente reunir os requisitos sinalados para cada praza.

Cuarto.-O prazo para a presentación de instancias para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, será dun mes desde a publicación desta orde e poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais ou ben na forma prevista no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo establecido para as reclamacións sinaladas no punto sétimo, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

Quinto.-Aínda que se concurse a máis dunha praza os concursantes presentarán unha única instancia por duplicado e unha folla de alegación e autobaremación, axustadas aos modelos que se publican como anexos III e IV e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Os concursantes presentarán ademais:

-Proxecto de traballo sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de asesor que se solicita, tendo en conta as competencias suliñadas no Decreto 454/2003, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitario, cunha extensión máxima de 20 folios.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir xunto coas dilixencias de compulsa, expedidas polos directores dos centros ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza de dilixencia de compulsa.

Sexto.-A selección dos aspirantes será realizada por unha comisión formada polos seguintes membros:

-Presidente: o secretario xeral ou persoa en que delegue.

-Vogais: ata un máximo de catro, coa categoría de subdirectores xerais ou xefes de servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou membros da inspección educativa.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Ademais poderá asistir á comisión un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

Sétimo.-Para a valoración dos puntos 1, 2, 3.1, 3.2, 4.1 do baremo establecido no anexo II, a Comisión de Selección delega esta función nunha subcomisión formada por funcionarios da Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Unha vez feita esta, os resultados serán publicados nos taboleiros de anuncios da consellería e das delegacións provinciais, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>, sinalando a relación de excluídos e a causa da súa exclusión, e establecendo un prazo de dez días naturais desde a súa exposición para presentar as reclamacións que procedan.

Todos os aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto serán convocados pola Comisión de Selección á celebración dunha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o proxecto presentado.

Oitavo.-Os membros da comisión e subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estando cualificadas na categoría primeira.

Noveno.-Aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista non poderán ser propostos pola comisión, serán seleccionados aqueles aspirantes que obtendo as puntuacións mínimas sinaladas acaden as maiores puntuacións no total das epígrafes recollidas no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicitan.

Décimo.-No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse, atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos puntos 6, 1, 3.3, 4.2, 3.1, 3.2, 4.1 e 2.

Décimo primeiro.-Unha vez realizado todo o proceso anterior, a Comisión de Selección proporalle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación de postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados para todos os efectos, os concursantes aos que lles afecte. Contra esta resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición perante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderase formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme se establece nos capítulos II e III da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segundo.-O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contados desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Décimo terceiro.-As prazas adxudicadas son irrenunciabes. Os funcionarios docentes que resulten seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos aos postos adxudicados a partir da data que se indique na resolución definitiva, e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis.

Décimo cuarto.-Retribucións.

Para os efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, os funcionarios docentes que resulten seleccionados poderán percibir o complemento específico correspondente a membros de equipos da reforma, segundo o establecido no anexo VI.dous da Orde do 4 de xaneiro de 2005 (DOG do 21 de xaneiro) pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2005.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Persoal para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I

Nº do posto	Denominación da praza de asesor	Nº de prazas	Requisito	Destino	Funcións
01	Asesor/a de Innovación Educativa	1	Mestre ou profesor de ensino secundario	Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa	-Coordinar as diferentes actuacións que se realicen en materia de fomento da innovación educativa, de xeito particular as convocatorias de premios que realice a Consellería de Educación e O.U., así como as que teñan lugar coa colaboración doutros organismos da Xunta de Galicia. -Impulsar o desenvolvemento de actividades de innovación educativa nos centros dependentes da Consellería de Educación e O.U. -Coordinar a elaboración e publicación de materiais destinados ao fomento e difusión de prácticas docentes innovadoras.
02	Asesor/a dos equipos de normalización lingüística.	1	Experiencia como coordinador/a de equipos de normalización lingüística.	D.X. de Política Lingüística	-Coordinar os equipos de normalización lingüística dos centros educativos. -Mantemento da páxina web da Dirección Xeral de Política Lingüística. -Colaboración na elaboración de materiais para a promoción da lingua galega.

## ANEXO II

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira dun corpo docente .....	0,50 puntos	5 puntos	
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutor .....	1 punto	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes.....	0,5 puntos		
2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura .....	0,25 puntos		
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopan en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados).....	Ata 2 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos .....	Ata 1 punto		
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto de asesor ao que se pretende acceder .....	Ata 3 puntos		
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral.....	Ata 1 punto	3 puntos	Documentación orixinal
4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita .....	Ata 2 puntos		
(Deberán conter o ISBN, agás as excepcións recollidas na lexislación vixente).			
5. Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionados coas funcións do posto de asesor que solicita.....	0,20 puntos	2 puntos	Certificación de servizos ou nomeamento.
6. Proxecto de traballo e entrevista: O proxecto de traballo, ademais dos aspectos xerais do sistema educativo e dos sinalados no punto quinto desta orde, deberán conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición á que corresponde a praza que se solicita.....	Ata 6 puntos polo proxecto	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios
(Puntuación mínima exixida por esta epígrafe: 4 puntos no proxecto).			
7. Entrevista sobre o proxecto presentado .....	Ata 6 puntos pola entrevista	Ata 6 puntos	



<b>CONCEPTO</b>	<b>PUNTUACIÓNS PARCIAIS</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1.- ANTIGÜIDADE</b> (Máximo 3 puntos) Por cada ano de funcionario de carreira no corpo docente.	0,50	
<b>2.- MÉRITOS ACADÉMICOS</b> (Máximo 2 puntos)		
2.1 - Polo título de doutor.	1	
2.2.- Titulacións segundo ciclo.	0,5	
2.3.- Titulacións primeiro ciclo.	0,25	
<b>3.-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO</b> (Máximo 6 puntos)		
3.1.-Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas).	Ata 2 puntos	
3.2.-Por outras actividades de formación.	Ata 1 punto	
3.3.-Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto de asesor ao que se pretende acceder.	Ata 3 puntos	
<b>4.-PUBLICACIÓNS, PROXECTOS, INNOVACIÓNS TÉCNICAS</b> (Máximo 3 puntos)		
4.1.- Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral.	Ata 1 punto	
4.2.- Por publicacións de carácter didáctico relacionadas coa praza que solicita.	Ata 2 puntos	
<b>5.-SERVIZOS COMO ASESOR</b> (Máximo 2 puntos). Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionadas coas funcións do posto de asesor que solicita.	0,20	

*Orde do 4 de abril de 2005 por la que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios prevé no seu artigo 3.2º, que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria, as devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal con

reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que en ningún caso poderá exceder en máis de seis anos.

Así mesmo o artigo 5 do devandito decreto establece que poden cubrirse por este mesmo procedemento aquelas prazas que segundo as previsións que contén o artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de educación xeral do sistema educativo, favorezan as elaboracións de proxectos, innovacións curriculares, metodolóxicas, etc., entre as que existen prazas de recente implantación ou de difícil cobertura polo procedemento ordinario.

Sendo necesaria a provisión de distintas prazas por mor dos diversos convenios entre a Administración educativa e distintas institucións ou entidades a que se refire o artigo 3º do Decreto 244/1999,